

A Xunta elimina o Día de Rosalía do Calendario do Libro

Redacción | 04 de Decembro de 2013



Rosalía de Castro

O Calendario das Letras 2014 que a Consellaría de Cultura está a distribuír por centros e entidades elimina o Día de Rosalía. Nos últimos anos, o 24 de febreiro, data da conmemoración do nacemento da poeta, referenciábase como un dos días sinalados oficialmente.

Cando varios concellos declararon xa oficialmente como Día de Rosalía o 24 de febreiro, data na que naceu a poeta, a Consellaría de Cultura vén de eliminar a data do seu Calendario do Libro e da Lectura. Na nova edición que está a distribuír por diversos centros, entidades e asociacións, no

mes de febreiro só aparece sinalado o 21 como "Día Internacional da Lingua Materna".

No Calendario do Libro e da Lectura, ademais de Díaz Castro, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas, só catro autores aparecen sinalados, todos con aniversarios con décadas redondas, Vicente Risco, Leiras Pulpeiro, Martín Códax, e Antón Losada Diéguez. O Día de Rosalía comezou hai anos a conmemorarse por asociacións, centros de ensino e concellos, e algúns deles xa anunciaron a declaración oficial da xornada para o 2014

Imaxe: Calendario do Libro e da Lectura de 2014 e de 2013.

